

**ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMANDO AO
CONSELLO ESCOLAR
CIRCULAR INFORMATIVA**

De conformidade co establecido na *Resolución do 10 de setembro de 2024 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 18 de setembro)*, o próximo **día 19 de novembro, de 13:30 a 17:00 h**, celébrase neste centro a votación para a elección de representantes dos pais, nais ou titores legais do alumnado no Consello Escolar do colexio. Para participar na referida votación, tal como se sinala na convocatoria aprobada pola Xunta Electoral do centro o día 22 de outubro, procederáse da seguinte forma:

1º.- Quen pode votar.

Teñen dereito a votar todos os pais, nais ou titores legais do alumnado matriculado no centro que figuren no Censo que ao efecto aprobou a Xunta Electoral e tras a súa exposición pública regulamentaria. Tal dereito corresponde indistintamente ao pai e á nai, podendo votar ambos os dous.

2º.- Modo de emitir o voto.

- a) O voto será directo, secreto e non delegable.
- b) Os modelos de papeletas e sobres da votación serán, obrigatoriamente, os previamente fixados pola Xunta Electoral do centro escolar, dos que haberá cantidade suficiente no local da votación.
- c) Nas referidas papeletas figurarán os nomes dos candidatos/as, por orde alfabética de apelidos, e cada elector deberá marcar cunha cruz un **máximo de dous dos candidatos/as**, debendo acreditar a súa personalidade, no momento de votar, mediante a exhibición do D.N.I. ou documento similar.
- d) Finalizada a votación procederáse ao acto do escrutinio dos votos, que será público e, unha vez realizado, levantarase a correspondente acta.

A dirección deste colexio anima a todos os pais, nais e titores legais do alumnado a que participen na votación do próximo 19 de novembro, como unha forma máis de colaboración na organización do centro educativo, a fin de conseguir a máxima representatividade posible de pais e nais no Consello Escolar.

Ourense , 5 de novembro de 2024

A DIRECTORA DO CENTRO,



Asdo.: A. Berta Rodríguez Pérez